

5. Memorias dun silencio labrego



Con forza, asegúranse mutuamente. A ollada atravesa a fotografía, enchéndoa de serenidade. Fotografía cedida por Cesáreo Torres.

Cesáreo Torres foi amigo de Xosé Neira Vilas. E, coma Balbino, foi un neno labrego. Estivemos con el unha tarde para coñecer a súa historia de vida, da que se mostrou un gran narrador.

Por: Lucía Abarrategui

Con forza, asegúranse mutuamente. A ollada atravesa a fotografía, enchéndoa de serenidade. Accedemos á intimidade dunha celebración pública da amizade. O home de cabelo branco debuxa mil historias vividas en universos distintos baixo a supervisión dunhas lentes que tiveron o privilexio de ser as primeiras no mundo en ler *Memorias dun neno labrego*.

Para o home da dereita, **Cesáreo**, o da esquerda é e será sempre **Pepe**; para nós, **Neira Vilas**. E, hoxe, co permiso do escritor, imos falar do home que lle sorrí mentres lle aperta o brazo e que, nun momento, coma o de Gres, tamén foi neno labrego.

Carraxe silenciada

“Cesáreo, ven que tes que falarlles ás vacas”; esa foi a noite en que este neno foi requirido para facer o traxecto de Vila de Cruces até Merza, nun carro tirado por vacas. No carro tamén ían dous baus e uns fachucos que iluminaban o camiño proxectando a sombra do pai e da irmá maior do meniño. Polo camiño, comprendeu que aquela era a partida da súa irmá, Josefa, a Brasil onde se reuniría coa súa parella. Mais despois desa despedida, virían outras cinco con destino ao País Vasco e a Francia, luces e sombras por un camiño cara á procura de novas oportunidades. Césareo tiña dez anos e foi o único de todos os irmáns que ficou na aldea na compañía dos seus pais e dun arado de ferro. Unha infancia marcada polo duro traballo de neno labrego.

“Eu ía moitas veces coas vacas para o monte e os meus compañeiros ían para a escola e eu dicía: “Ides para escola” e eles dicían: “E logo ti para onde vas?” e eu explicáballes que tiña que ir coas vacas para o monte porque meu pai era músico e canteiro, chegaba de tocar ás 5 da mañá e ás 7:30 collía as cousiñas de canteiro e marchaba a traballar todo o día. E a miña nai quedaba ao cargo da casa, das catro vacas e de min”



*Cesáreo, outro neno labrego.
Fotografía cedida por C.T.*

A infancia de Cesáreo camiña en paralelo á de Balbino, Neira Vilas, descrita en *Memorias dun neno labrego*. Unha nenez empeñada na supervivencia, silenciada fronte aos abusos:

"Meus pais tiñan pouca terra e entón traballaban as terras dos señores da casa do lado. Tiñan unha corte de tres metros de profundidade. Eu tiña dez anos e metíanme entre tres homes a botar o esterco para arriba. Saía de alí coas mans ensanguentadas e ríanse de min; invitaban os homes a comer e a min non".

Cando aquel neno se queixaba das humillacións, a resposta dos seus pais era sempre a mesma: "Debémoslle a obrigación". Unha obriga que se materializaba na humillación executada polo señorito, en feitos como non darlle auga a un neno de dez anos que estaba a desenvolver un traballo escravo. Carraxe e indignidade. Unha aldraxe que fixo que César un día dixera: "Para esa xente non volvo máis". Unha

mostra de rebeldía que volve cruzar, nunha mesma ollada, os dous protagonistas desta insubmisa historia: **Balbino Neira Vilas** e **Cesáreo Torres**.



Cesáreo olla o mural que el mesmo pintou no CEIP de Cerdeiriñas de Piloño (Vila de Cruces). Fotografía de Laboratorio de Radio.

Ata os catorce anos Cesáreo foi á escola, só cando podía. Adoraba aprender, mais axudar na familia era o primeiro. Unha noite de troula todo cambiou. Un veciño que estaba en Andorra faloulle das oportunidades que había alén da fronteira. Matinou toda a fin de semana sen dicir nada. De fondo soaba un tocadiscos achegado desde a emigración polos seus irmáns. Posiblemente, como de costume, unha copla, talvez da Píquer, talvez de Valderrama. César gardaba un silencio só quebrado polas bágoas que caeron un domingo nunha leira desde a que se vía a escola. Chorou inmenso.

O silencio emigrado

Eran as cinco da mañá e aquel neno de quince anos subiu no coche do veciño. Moitas curvas máis tarde hospedárono na Serra de Urxel. Ao terceiro día, saíu nun coche matrícula de Andorra, menos sospeitoso nun momento de esixentes controis na fronteira. Os latexos do corazón de César podían escoitarse desde fóra do coche. El, sen unha peseta no peto nin documentación ningunha, viaxaba no maleteiro. Emigraba, como xa o fixeran os seus irmáns, pero sen dicir nada.

Días despois soou o único teléfono que había en Vila de Cruces. A veciña recolleu o recado: “Estou en Andorra, traballando, que estean tranquilos”. Calquera podería pensar que aquela chamada a destempo de César, mediada pola recepción da veciña, acabaría anoxando uns pais preocupados. Mais, eran outros tempos e o paquete con chocolate e a nota agarimosa da súa nai non tardou en chegar. Os pais recibían diñeiro todos os meses dos diferentes traballos que foi desenvolvendo o adolescente. 5.000 pesetas daquela eran un alivio para pagar os selos da xubilación.




Cesáreo lembra a súa vida. Agora, desde o escenario, entre libros e luces. Fotografía de Laboratorio de Radio.

É 7 de xullo. San Fermín. Cesáreo está nun cuarto piso, traballando na construción. A seguinte escena é a dun rapaz de 18 anos tirado enriba dun tellado, coa lousa espetada no corpo e os pulmóns cheos de sangue. O mozo tiña as pernas partidas e o nervio óptico afectado. Soou estrondoso o silencio, dun coma que durou nove días, e que só foi quebrado por aquela copla do tocadiscos. Si, Cesáreo estaba de novo na casa. A súa nai agochoulle o pasaporte e nunca puido volver a Andorra.

A copla que dinamitou o silencio

Pasaron os anos. César ten 24, xa está casado. Traballa nunha compañía de teléfonos en Asturias. As viaxes na furgoneta dan moito de si e os acompañantes, entre eles o membro dun grupo de música pop, ficaron abraiados ao escoitar a voz do, agora, telefonista. Tal foi o abraio que o músico do grupo **Nebraska** ofreceulle traballo. A resposta de César foi clara: "Non sei, é que non teño nin idea de música". Pero insistíronlle, insistíronlle e chegou un ano cheo de ensaios. E despois, o debut:

"En canto chegamos a Carpazas, empezou a diluviar e, ao cabo dun tempo, o escenario estaba enchoupado. Eu aproximaba o micro e xa me pegaba unha cambra. Non había nin toma de terra... metía cada cambra! Aquilo era horrible! E decidimos non tocar. O axente que nos levaba díxonos que entón, faláramos nós coa xente. Os da comisión ofrecéronse a poñer cartóns e nós ofrecémonos a vir outro día".



Césareo, terceiro pola dereita, na súa andaina na Orquesta Solara. Fotografía cedida por C.T.

Describe César que a seguinte escena foi aínda peor. Describe que as señoras do lugar, armadas con galletas e sachos, ameazábanos con lles cortar o pescozo se non había festa. Os homes apartáronas e César non deixaba de preguntarse que facía alí e se aquilo sería o normal. Normal ou non, aquel traballo de montar, desmontar, cantar e xirar polo mundo adiante prolongárase catro anos. Rock, pop, baladas, flamenco, o cantante sen técnica daba todo diante do público até ficar sen voz, e na casa practicaba o silencio. E o silencio, unha vez máis, foi quebrado. Neste caso por unha chamada de teléfono que lle brindaba a oportunidade para traballar na orquestra **Solara**.

"250 mil pesetas ao mes, 250 actuacións ao ano". César accedeu pero xa non podía seguir maltratando a súa voz e chegou o momento de poder estudar e gozar daqueles anos roubados nos que a vida de neno labrego lle impedira ir á escola cos seus compañeiros e compañeiras. Dous anos estudando canto na capital galega

deron para que a súa profesora descubrixe o seu verdadeiro talento: a lírica. Tempos de ópera e zarzuela para un mozo que deixara a voz en cancións dos Scorpions ou de Dire Straits. Neste caso, a persoa que podía continuar axudando a este tenor en cernes era o barítono **Antón de Santiago**, que foi moi claro: "Eu cantantes de orquestra non quero". Tamén foi claro o noso cantante coa súa insistencia, a mesma coa que o convenceran para comezar a cantar: "Ti non sabes a ilusión que teño por aprender. Vou ser o alumno máis aplicado. Quero aprender, eu non sei cantar. Eu quero aprender, por favor".



A música sempre foi un dos grandes motores da vida de Cesáreo, aínda cando el non o sabía. Fotografía cedida por C.T.

A outro lado do teléfono, de novo, silencio. Unha ausencia de son só quebrada por un novo intento, un día máis tarde. A música quixo que a nai de Santiago respondese aquela chamada desesperada dunha persoa que acababa de descubrir o seu futuro. Obxectivo conseguido, o barítono, cansado de escoitar á súa nai, aceptou. Tres anos de sacrificio, xirando con Solara e estudando de xeito particular. Aquela copla que repicara tantos anos na mente do neno labrego tiña agora a súa gratificación."É a

canción que me deu todo, coa que me sacaban a ombros, coa que gañaba diñeiro polo fiato que tiña". O fiato, para quen non saiba deste mundo, é a capacidade que ten unha persoa para xestionar o aire mentres canta. Chegou o conservatorio, chegou a orquestra **Pasarela** e, despois dun concerto en Vila de Cruces, chegou Xosé Neira Vilas para felicitar a aquel tenor.

Xosé Neira Vilas: a voz que provoca silencio

O discurso do tenor Cesáreo Torres é apaixonado, parece exhausto ao lembrar toda a súa vida. Parece satisfeito ao revivila de novo. Unha palabra enfía outra e case non hai pausas. Quere encher cada detalle, quere ordenar os feitos e quere compartir un xeito fascinante de narrar do que non é consciente. Pero o silencio volve cando emerxe na conversa Xosé Neira Vilas. Emerxe en César unha especie de incapacidade para describir todo o que aquel home era. Un medo a non ser quen de achegar a figura de Pepe que abraia por contraste coa súa elocuencia anterior. Desaparecen as palabras para verbalizar a esencia dunha persoa que contaba unha historia tras doutra.

"En Pepe nunca vin tristeza; tiña unha enerxía impresionante. Un día no que tiña as pernas perdidas pregunteille se fora ao médico; el nin se queixaba, dicía que lle metera o medicamento e que agora era o corpo o que tiña que repartilo e despois xa comezaba coas súas historias e cos seus chistes. Ría con aquela dentadura que se lle vían todas as enxivas".



Xosé Neira Vilas e Cesáreo Torres na casa do escritor de Gres. Fotografía cedida por C.T.

Conta Cesáreo que tras unha actuación en Vila de Cruces Neira Vilas ficou para felicitar o tenor. "Presentáronme a Pepe e á súa muller, **Anisia**. Eu non sabía que era Neira Vilas. Deume a súa tarxeta e díxome que o visitara". A visita tivo lugar e só foi a primeira doutras moitas que foron sementando a amizade de dous homes con vidas paralelas, que naceron sendo labregos e creceron sendo artistas.

E volvemos a esa imaxe inicial, onde dous homes demostran que non se pode entender a historia dun sen a do outro. Non se poden entender as *Memorias* de Neira Vilas sen as vidas doutros tantos nenos labregos que, como Cesáreo, sufriron as inxustizas daqueles tempos e a fonda ferida do silencio.